

El Heraldo Gallego de Lamas Carvajal
e Rosalía de Castro

Jesús de Juana

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

JUANA, JESÚS DE (2012 [1986]). “*El Heraldo Gallego* de Lamas Carvajal e Rosalía de Castro”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 371-380. Reedición en *poesia-galega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2332>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

JUANA, JESÚS DE (2012). “*El Heraldo Gallego* de Lamas Carvajal e Rosalía de Castro”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 371-380.

* Edición dispoñíbel en pdf desde o 19 de outubro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes:

1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

EL HERALDO GALLEGO DE LAMAS CARVAJAL E ROSALÍA DE CASTRO

JESUS DE JUANA
Universidade de Santiago

Tal e como se desprende do enunciado, o obxecto desta comunicación vén ser dar a coñece-la relación que estes dous personaxes, claves no movemento de rexeneración galega, mantiveron a través do vencellamento dunha publicación periódica. Mais, ¿cómo era *El Heraldo Gallego* e qué representou para Galicia nos comezos da Restauración?

El Heraldo Gallego (1), primeiro co subtítulo de "Semnario de Ciencias, Literatura y Arte", despois "Revista Bisemanal de Ciencia, Literatura, Industria y Comercio" (2), e logo sinxelamente "Revista Literaria", apareceu en Ourense o 1 de Xaneiro do 1874 e deixou de se publicar a fins de outubro do 1880. Dende o punto de vista dos contidos poderíase presentar como herdeiro e cumio dos tremelecentes e discontinuos precedentes de *La Oliva* e o seu continuador *El Miño* en Vigo o *El Clamor de Galicia* de Vicetto na Coruña; no eido xornalístico amósase como o asentamento firme da prensa ourensá que con el escomenza unha fase moi brillante.

Inda que na presentación do semanario a Redacción di que o seu programa se condensa na célebra frase "Galicia ante todo, Galicia sobre todo" (3), este non se pon na portada en forma de lema -coa inclusión do histórico "Deus fratresque Gallaicae" entre ámbalas dúas frases- ata o núm. 65 correspondente ó primeiro de abril de 1875, e a súa permanencia non foi excesivamente duradeira porque as verbas substituíríanse, permanecendo inmutable o contido ideolóxico, pola imaxe. En 1867, cando o éxito da revista está asegurado e xa permite desexar algunhas melloiras (4), modifícase a cabeceira incluíndo unha moi boa viñeta, feita por Federico Guisasaola, na que figuran as torres da catedral de Santiago, a muralla romana de Lugo, a ponte vella de Ourense, as ruínas de Santo Domingo de Pontevedra, a torre

(1) Este traballo elaborouse utilizando a colección completa que de *El Heraldo Gallego* existe no Museo Provincial de Ourense e que consta de 8 volumes encadernados que recollen os números comprendidos entre o 1-I-1874 (ano I, núm. 1) e o 25-X-1880 (ano VIII, núm. 408), primeiro e derradeiro respectivamente.

(2) Dende o núm. 104, 5-I-1876, ata o 109, 22-I-1876.

(3) "Lo que somos y a qué venimos", *El H.G.*, 1-I-1874.

(4) Durante 1876 é bisemanal, saíndo os xoves e os sábados na primeira metade do ano, e os mércores e sábados na segunda. (No ano 1877 aparecerá cada 15 días, ata o 5-X-1877, e a partir desta data cada 5 días). Tamén mellora o papel, que dende agora sae satinado, e comézase a empregar letra dos tipos 9 e 10 de forma case exclusiva.

de Hércules da Coruña, os atributos das ciencias, artes e literatura, a enxebre gaita galega, os símbolos da riqueza agrícola e gandeira do país e, no medio do conxunto, o busto do egrexio B. Feijóo. Este grabado é, di *El Heraldo Gallego*, “nuestra patria en perspectiva: todas las provincias gallegas tienen en él su representación” (5).

A Sede da Administración e a Redacción atopábase na rúa de Lepanto nº 18, agás os 10 primeiros números (dende o 1 de xaneiro ó 5 de marzo de 1874), que levan como enderezo a rúa de San Pedro nº 4. O Administrador vai ser D. Antonio de Acevedo y Prieto quen se encargaba tamén da prensa mentres esta foi propiedade da revista.

No que fai referencia á impresión, vai ter esta un carácter irregular no tocante ó local e á propiedade, sendo a prensa máis utilizada a de D. José M. Ramos, rúa de Colón 16 e, principalmente, a de La Propaganda Gallega sita na rúa de Lepanto 18 (6). As súas medidas son de 28 x 20 centímetros durante 1874 e de 30,5 x 21 o resto da súa vida, con texto en dúas columnas, 75% de caixa de impresión de 8 páxinas nas que, ata o derradeiro ano e enchendo a octava, case non ten publicidade.

O precio do número solto mantívrase constante en 1 real, e a suscripción trimestral pasou de 9 réis ó comezo, a 10 dende o 24 de decembro de 1874, e a partir do 26 de xaneiro do 1876, data na que aparece o famoso grabado galiciano, e ata o fin da publicación, 3 pesetas ó trimestre en pago adiantado.

O seu fundador, propietario e Director Valentín Lamas Carvajal tiñase rodeado por un equipo de Redacción composto por Jesús Muruais, Manuel Curros Enríquez e Arturo Vázquez (7) que por sí só era xa toda unha garantía de altura intelectual, literaria e xornalística, ó que aínda habería que sumarlle unha inmejorable serie de corresponsais que, como o malfadado T. Vesteiro Torres coa súa sección “Crónica de Madrid” e Manuel Castro López en Lugo, informaba e comentaba as novas extraourensás máis sobresalientes.

Por se isto fose pouco, as colaboracións levaban a asinatura das personalidades máis representativas da literatura e da intelectualidade galega do momento. Non é esaxerado dicir que a relación de personaxes que se integraban no “Rexurdimento” cultural galego na década dos 70 pode ser recollida das páxinas de *El Heraldo Gallego* sen que en ningún número falte a aportación dalgunha figura relevante. Unha interminable lista lembraríanos os nomes dos que, cunha maior ou menor sorte histórica,

(5) “Al País Gallego”, *El H.G.*, 26-I-1876.

(6) Dende o núm. 1 (1-I-1874) ó 11 inclusive (12-III-1874) utilízase a prensa da Viuda de Lozano. A partir deste último pasa a ser propiedade de *El Heraldo* e instálase interinamente na rúa Hernán Cortés, nº 17. Despois trasládase á rúa Arcedianos, nº 1, esquina á Plaza Maior, local no que se tiran dende o núm. 19 (7-V-1874) ata o 26 (25-VI-1874). A partir deste intre sae no prelo de D^a Pilar Sidarol, a cargo de D. Ramón Lozano e sita na súa de S. Pedro, 4. O 1-IV-1875, núm. 65, aparece na Imprenta Gallega, rúa de Colón, 16 (tamén chamada Imp. Gallega), propiedade de D. José M. Ramos, na que se edita ata o núm. 202, e, dende este e ata o fin, na prensa de La Propaganda Gallega, ubicada na rúa de Lepanto, 18, sede ó mesmo tempo da Administración e Redacción da revista.

(7) *El H.G.*, 25-II-1878. Uns meses despois o 5-VI-1878, informaba que por causas alleas á empresa deixaban de pertencer á redacción Arturo Vázquez e M. Curros Enríquez.

ficaron como pais e propulsores da cultura galega: Añón, Rúa Figueroa, Barro Silvelo, Placer Bouzo, Neira Cancela, Andrés Muruais, Calé Torres, Saco e Arce, A. Vicenti, Neira Mosquera, Moreno Astray, Rosalía, Murguía, Pondal, Pardo Bazán, Vicceto, Concepción Arenal, Manuel Comellas, Aguirre Galarraga, Caamaño Martínez, García Mosquera, Aureliano Pereira, Peña Rucabado, Luís Taboada, J.M. Hermida, Sofía Tartilán (pioneira e persursora do xornalismo feminino coa súa sección de modas), W. Alvarez Insúa, Cid Hermida, Montero Aróstegui, A. Quereizaeta, Ruiz Aguilera, Camino, J.M. Labarta, Alvarez Pertierra... e tantos outros.

O orientador e alma deste que foi canle das inquedanzas e aspiracións galegas era un controvertido persoeiro, semi esquecido inxustamente pola historia, malferido polos críticos literarios, posiblemente con razón, mais que tivo unha importancia decisiva na difusión das ideas galeguistas, na concienciación do que era e do que debía chegar a se-lo campesiñado (8) e que foi o máis sinalado e perspicaz cronista político-social da Restauración en Galicia. Noutro lugar, Xavier Castro e máis eu tentamos explica-la evolución ideolóxica e política de Lamas Carvajal ó longo da súa non moi longa vida (9). Hoxe vou centrarme só en dar unha visión xeral do marco mental no que se movía *El Heraldo*, que, básica e loxicamente, reflexaba e coincidía co pensamento de Lamas.

Nos ilusionados e axitados anos do Sexenio, cando se pretende con firmeza por primeira vez —inda que desgraciadamente non por última— modernizar, racionalizar e levar á práctica os principios do liberalismo burgués, Lamas escomenza, xunto ó seu escuro camiñar polo mundo das tebras, unha intensa carreira literaria e xornalística.

En 1871, cando contaba pouco máis de vinte anos (10), sae en Santiago o seu primeiro libro de versos (11) e ocúpase da dirección de *La Aurora de Galicia*, revista de significativo e memorable título, que defendía a política do partido republicano federal e que redactaba con o inda máis novo, pero igualmente precoz, Bernardo Barreiro, outro dos que non goza da lembranza que posiblemente merece (12).

(8) J.A. Durán ten explicado sobradamente en varios escritos o precedente esencial que significou para o movemento agrarista a mensaxe de Lamas.

(9) J. de Juana e X. Castro, "Aportación de V. Lamas Carvajal ao rexionalismo galego", en Actas del Coloquio *Os Nacionalismos na España da restauración (1875-1923)*, Santiago, 28 setembro-1 outubro, 1983 (*Est. de H^º. Social*, núms. 28-29 (1984), Madrid, pp. 197-206).

(10) Nacera na rúa de S. Cosme (hoxe Hernán Cortés) núm. 27 o 1 de novembro de 1849. Sobre a biografía de Lamas, Cfr. J. Fernández Gallego, *Valentín Lamas Carvajal. Estudio bio-bibliográfico*, Ed. Moret, La Coruña, 1950.

(11) *Flores de Ayer*. Est. Tipog. de J. Tomás Rey, Santiago, 1871.

(12) Dicía del Curros Enríquez que "apenas se le conoce en España y, sin embargo, es uno de los hombres más eminentes por su saber... y uno de los campeones del regionalismo", *La Tierra Gallega*, 15-XII 1895. Bernardo Barreiro naceu en Santiago no 1850 e morreu na Coruña no 1904. Por falar só da súa produción xornalística, ademais de fundar e dirixir en Santiago en setembro de 1868 o xornal republicano *La Revolución* e escribir con Lamas *La Aurora de Galicia*, colaborou na *Estrella Compostelana*, *El Heraldo Gallego*, *El Diario de Santiago*, *La Gaceta de Galicia*, *La Voz de Galicia*, la *Revista Compostelana*; en Buenos Aires redactou con Cisneros Lucas *El Gallego* e

Neste ano, e con estes principios tan prometedores, Lamas comeza a súa travesía vital abrazando unha profesión que case era obrigada pola súa cegueira e da que, por vocación e capacidade, fixo un símbolo a imitar. Dende 1874 a 1906, e a través de *El Heraldo Gallego*, *O Tío Marcos d'a Portela* e *El Eco de Orense*, a vida política e social, a local e a nacional, o de cotío e o transcendente, o persoal e o colectivo, foise plasmando en exemplares periódicos interpretado, informado e revestido pola personalidade de Lamas Carvajal.

Mais, de entre as etapas polas que este atravesou movéndose no arco político-ideolóxico nunha paseniña marcha cronolóxica dirixida de esquerda a dereita, coido que a máis auténtica, a máis xenuina, foi esta que coincide co *El Heraldo* e a primeira época de *O Tío Marcos* e que é marcadamente rexionalista (13), xa que non estaba mediatizado por ningunha obriga política nin lucirrado por ningunha necesidade económica perentoria que incidira na súa independencia de criterio. *El Heraldo Gallego* non tivo ningún condicionamento que lle impedise ser unha clara manifestación dos propósitos, intencións e ideas do seu director-propietario.

Dous son os factores sobresaíntes que poden ser considerados como a estrutura e a base sulagadas nos distintos aspectos e contidos que se inclúen nas súas páxinas: por unha banda, unha consciente e rebordada inclinación cara ó *populismo galeguista*, loubando todo o peculiar, esixindo e demandando todo o necesario, rexeitando todo o imposto e o extraño; por outra, dá mostra da *altura intelectual*, cultural e científica dos nomes, os temas, as preocupacións, as ideas... dunha xeración de escritores galegos vencellados, por riba de todo, polo amor a unha patria que escomenzan a descubrir.

O que a revista quería ser proclámao repetidas veces, e xa dende o primeiro día desexa deixar ben asentado unha serie de peculiaridades:

– Unha total liberdade, sen vencellarse a partido ou fracción política nin grupo económico algún. “Venimos a la prensa con absoluta independencia de todos nuestros actos”.

– A súa admiración á terra e pobo galego, “noble y sufrido”.

– Crítica ó centralismo e ó goberno de España, que só se coidan “de arrebatarse para el contingente del ejército los brazos tan necesarios” e de cobrar, en plan ameazante, “crecidas contribuciones”.

– Xustificación do atraso galego, que en maneira algunha se debe a causas endóxenas, senón á falla dunha verdadeira “representación en las Cámaras Nacionales”,

escribiu, entre outros, en *La Pampa*, *La Epoca*, *El Loro*; en *La Unión Gallega* de Montevideo, *El Eco de Galicia* de La Habana, *La Ilustración Gallega y Asturiana*...

(13) Unha proba de que sempre se considerou —e así foi tido— como un profundo e eximio rexionalista é o seu nombramento como Presidente honorario da “Asociación Regionalista Gallega” na provincia de Ourense o 23 de xaneiro do 1891. A Xunta desta Asociación estaba composta por: Ramón Fernández Cid como Presidente, Benito Fernández Alonso como Vice-presidente; Javier Gaité, Vicente Nomdedeu, Ernesto García Velasco, Antonio Rodríguez Iglesias, L. Cid Hermita y Alberto Romero como Vocais; Luis Diéguez e Enrique Cantón Alvarado como Secretarios; sendo García Ferreiro o Delegado da Asamblea Central.

á imposición dos deputados "cuneros", ó seu desinterés pola instrucción primaria ("base fundamental de toda sociedade bien organizada"), polas bibliotecas populares, pola construción de vías férreas... etc.

– Escudándose e fundándose en que é fiel intérprete do pobo galego, non dúbida en "confesar públicamente" a súa relixión cristiá.

– Por riba de todo, e esencialmente, quere izar unha bandeira en torno á que se axunten tódolos que se sintan orgullosos "de la patria que les vio nacer" e desexen loitar polo seu engrandecemento e a mantenza dos seus costumes e tradicións. *El Heraldo Gallego* xurdía para "levantar la voz en defensa de Galicia", patria fermosa e malfadada pola que "no imploramos compasión, pedimos justicia", e o seu programa viña condensado nesta frase: "GALICIA ANTE TODO, GALICIA SOBRE TODO" (14).

Dous anos despois, no número no que aparece por vez primeira o excelente grabado representativo de Galicia, chama á unión íntima e sagra de tódolos fillos de Galicia porque iso é o que precisa para "ser feliz, independiente y próspera. A tan noble fin se consagra la publicación de esta revista" (15). Este factor negativo de falla de obxectivos comúns e xerais que reunise os desexos colectivos considérao como o principal causante de que "la región más privilegiada de España" se atope tan atrasada e de que os gobernos a traten con displicente indiferencia (16).

Non só coa orientación e a dirección senón de forma expresa e insistente Valentín Lamas propugna taxativamente un espírito galeguista e un senso rexional globalizador. Nunha das súas máis ardorosas poesías, titulada "La Voz del Porvenir" e dirixida textualmente ós galegos, despois de se laiar da emigración, de incitar a racha-las cadeas da escravitude porque "sonó la ansiada hora de nuestra redención", de instar para que o cordeiro manso se convirta nun león que libere á "oprimida patria" asballada e malferida por un "soberbio dueño", pide á "generosa raza de la nación gallega" que desperte e que loite pola súa dignidade, pola súa gloria, pola súa liberdade, sen que nada a deteña, e "si acaso en la demanda llegamos a morir, / Que diga con respeto la humanidad que venga, / "Galicia murió mártir por no vivir servil" (17).

Estas ardentes verbas son só un exemplo do entusiasmo e vehemencia con que Lamas vivía, sentía e expresaba o drama da rexeneración galega nesta etapa ideolóxica na que tiña que partir inexcusablemente dun sentimento glorificador da galegitude, tal e como escribía –por poñer só unha mostra– na súa "Carta íntima" dirixida ó seu amigo, o poeta Manuel de la Peña: "que al fin gallego soy, aquí he nacido, / Y el ser gallego es mi mayor orgullo" (18).

Noutro texto explica outra das bases do armazón estrutural do pensamento rexionalista dándolle ese enfoque populista integrador que non vai deixar nunca o

(14) "Lo que somos...", art. cit.

(15) "Al País Gallego", art. cit.

(16) "La esperanza del porvenir", en *El H.G.*, 25-II-1876.

(17) V. Lamas Carvajal, "La voz del porvenir", en *El H.G.*, 12-XI-1874.

(18) V. Lamas Carvajal, "Carta Intima", en *El H.G.*, 13-XII-1876.

galeguismo. Cando se inquire, nun editorial, cal é a verdadeira causa dos males de Galicia, contesta con aplomo: “La falta de actividad, la carencia de unión de todos los buenos gallegos, la apatía que constituye nuestro carácter, el egoísmo que forma el espíritu de nuestra naturaleza” (19). Como se pode ver, mesmo fai unha autocrítica —certamente rara nos períodos posteriores— no senso de que as clases e grupos que se beneficiaban da situación xurídico-económica do momento, por razóns puramente de índole persoal, impedían a modernización e o progreso galego consumindo, aproveitando e non producindo, os excedentes do rendemento agrario. E igual se pode dicir do que Lamas apunta sobre as causas orixinais da emigración, que se poden resumir, no fondo, no abuso do poder rural caciquil “siniestramente asociado con la curia” (20).

Nun intento por clarexa-lo fío conductor de quen se asentaba a ideoloxía que emanaba de *El Heraldo Gallego* teríamos que falar da concepción de Galicia como a patria por antonomasia (inda que non renegue da española) da que hai que estar orgulloso de pertencer porque é rica, fermosa, admirable e gloriosa na súa historia; que a falla de unión, o abuso do poder central (principalmente nos trabucos) e o egoísmo conduciron a decadencia e á postración material, moral e cultural; mais que xa chegou a hora de erguerse, de creba-las cadeas da sumisión, da resignación, do desprecio, e xermola-los factores diferenciais con orgullo, esixindo os medios económicos que levan ó progreso (caso do ferrocarril), políticos propios e non extraños que defendan teimosamente cada un os seus distritos e todos a Galicia, e que se asente o desenvolvemento cultural nas peculiaridades galegas, impulsando a lingua propia, reivindicando os costumes, as tradicións e a historia de Galicia, condenando a emigración que priva ó país dos máis aptos, reclamando a unión que é necesaria para alcanza-la rexeneración, pedindo escolas, bibliotecas e máis altos estudos (unha das súas principais e máis árduas campañas foi a de reclama-lo Doutoramento para as Facultades de Filosofía e Letras, Dereito e Medicina da Universidade Compostelana que fora suprimido), aspirando —con precoz vocación— á universalidade galega, etc.; nunha palabra, os caracteres que se poden considerar como propios da etapa rexionalista e que, entre outros, X.R. Barreiro (21) resumiu e delimitou no período correspondente ós anos de 1881-1900, están xa —se cadra sen artellar, mais sí dunha forma explícita— anunciados, defendidos e divulgados por esta excepcional revista que, ó meu modo de ver, pódese considerar como a primeira gran publicación na que conflúen os homes e as ideas que terán plena vixencia nesta fase do galeguismo.

Neste pléiade de escritores que estamparon a súa sinatura en *El Heraldo Gallego* e que aportaron as súas investigacións ou a súa sensibilidade nese gran tema central que era Galicia non podía faltar Rosalía de Castro. Lamas Carvajal sentía, mais que admiración, unha auténtica veneración (22) pola autora dos *Cantares Gallegos*

(19) V. Lamas Carvajal. “La causa de nuestros males”, en *El H.G.*, 16-IX-1875.

(20) V. Lamas Carvajal. “¿Por qué emigran los gallegos?”, en *El H.G.*, 25-II-1880.

(21) X.R. Barreiro Fernández, “Galeguismo”, en *La Gran Enciclopedia Gallega*, t. XV, pp. 1-15.

(22) Pódese ver, por exemplo, en *O Tío Marcos d'a Portela*, Parrafco 88, 15-VII-1885.

coa que sempre estará vencellado, literariamente polo menos, como continuador da poesía en lingua galega que este libro escomenzou.

A primeira colaboración de Rosalía en *El Heraldo* ourensán apareceu o 4 de xuño do 1874 e é unha traducción ó galego dun poema orixinal de Ventura Ruiz Aguilera titulado "Ruinas (armonía de la tarde)" (23). A segunda, só de dez versos en castelán, en novembro deste mesmo ano (24). En 1875 publica outras dúas poesías en castelán, unhas curtas rimas en setembro (25), e unha longa serie de décimas baixo o epígrafe de "Regina" (26). A comezos do ano seguinte inserta un poema do aínda

(23) Rosalía de Castro, "Ruinas (Armonía de la Tarde)", en *El H.G.*, 4-VI-1874.

(24) Rosalía de Castro, "En un album", en *El H.G.*, 28-XI-1874.

"Te vi una vez de niña,	Que eres muger y bella...
Me pareciste flor de primavera	¡Quiera Dios que en el lecho de las virgenes
O capullo de rosa que exhalase	Por largo tiempo el blando sueño duermas!
Su virginal esencia.	¡Qué es el sueño mas dulce
Ahora dicen todos	Que duermen las hermosas en la tierra!"

(25) Rosalía de Castro, "Hojas marchitas", en *El H.G.*, 9-IX-1875.

"Las rosas en sus troncos se secaron,	Otras rosas despues y otros jardines
Los lirios blancos en su tallo erguidos	Con lirios blancos en sus tallos erguidos
Secáronse también,	He visto florecer:
Y airado el viento arrebató sus hojas,	Mas ya cansados de llorar mis ojos
Arrebató sus hojas perfumadas	En vez de llanto en ellos, derramaron
Que nunca más verá.	Gotas de amarga hiel".

(26) Rosalía de Castro, "Regina", en *El H.G.*, 6-XII-1875. "*Los ángeles en la tierra / no están bien y se van presto.*" // "Regina entre las donosas / La mas donosa doncella, / La mas hermosa y mas bella / Entre las bellas y hermosas: / La mas fresca entre las rosas, / La mas pura entre las puras, / Y estrella de las alturas / Que trilla en sereno cielo, / Era fuente de consuelo / En abismo de amarguras. / Era á un tiempo cual la brisa / Breve y ligero su paso; / Como sol en el ocaso / Era triste su sonrisa, / De inspirada pitonisa / Su mirar lleno y profundo, / Y en el fulgor sin segundo / Que en su pupila brillaba / Llama de amores guardaba / Para aniquilar el mundo. / Era el color de su frente / Rayo de pálida luna. / Como ella no hubo ninguna / Tan serena y transparente / Al par que altiva, imponente, / Al par que dulce, severa, / Larga y blonda cabellera / La adornaba con decoro, / Apiñando conchas de oro / Sobre su busto de cera. / Su voz toda melodía / Daba músicas al viento / Todo perfumes su aliento / Al aura los repartía. / Y cuando al morir del día / Luz y tniebias luchaban / Y á su paso levantaban / Del miedo torvas visiones, / Al rumor de sus canciones / Temerosas se ocultaban. / Aun mas blanca que la nieve / Envidia al cisne causara, / Y un ángel se conturbara / Al notar su sombra leve. / Y así cual del cielo llueve / Rocío para las flores. / Tal de sus ojos de amores / Tibias lágrimas llovian / Y en el corazón caían / Lentive de dolores. / Cual hija del mar salada / Nacida entre las espumas, / Se ocultaba entre las brumas / De una ribera ignorada. / Y allí. cual ninfa encantada, / Suelta la melena undosa, / Tan liviana como hermosa / Tras de las ondas corria / Y en ellas humedecía / Sus piés de color de rosa. / Fatigada de tal suerte / Viéndola en calma dormida, / Creyérase que á tal vida / No se atreviera la muerte; / Mas como á brazo tan fuerte / Todo se doble y se inclina / Tambien la pobre Regina / Pagó su amargo tributo, / Lirio vestido de luto, / Rayo de sol que declina. / Cubrióla el ángel sombrío / Bajo sus gigantes alas, / Y arrebaron sus galas / Aguas del eterno rio; / De la tumba el viento frio / Se agitó sobre su seno, / Y lo que fuera sereno / Astro de radiante lumbre, / Convirtiósse en podredumbre / Poco inmundado de veneno. / Gimió la tierra de espanto / Al contemplar tanto duelo, / Mas brilló radiante el cielo / Tras del azulado manto, / Eco de armonioso canto / Resonó por las alturas / Que allá á las regiones puras / Un ángel llegó por suerte. / Despejado por la muerte, / De terrenas ligaduras".

inédito *Follas Novas* titulado “N’o tempo” (27), é unha breve composición en castelán (28). Dende o mes de febreiro do 1876 ata fins de setembro do 1880 a sinatura de Rosalía non volvería a incluírse. O 30 deste mes e ano aparecería de novo, baixo a cabeceira de “Follas Novas”, coa coñecida poesía que ten por estribillo: “¡Padrón...! ¡Padrón! / Santa María... Lestrove... / ¡Adios! ¡Adiós!” (29); e o 25 de outubro sairá a derradeira aportación rosaliana, “tristes recordos”, na que, trala ropaxe formal romántica dos versos, percíbese un fondo acercamento “pola vía poética” da realidade da emigración temporal a Castela e do compromiso doente co seu pobo (30).

Aparecen, pois, catro traballos en castelán e catro en galego, o que campá ben coa inclinación bilingüista da publicación e que se non inclúe máis artigos na lingua propia non é mais que por un puro senso comercial e de supervivencia, pois é ben sa-

(27) Rosalía de Castro, “N’o tempo”, en *El H.G.*, 12-I-1876.

(28) Rosalía de Castro, “A...”, en *El H.G.*, 23-II-1876.

“Ya que me abandonaste ¡oh! tu, esperanza,	Del ángel de las tumbas
Volved á mí, les dije á los recuerdos:	¿Tú ángel de luz, pudieras tener celos?
Mas mi voz resonó hueca y profunda	Ella alzó entonces los rasgados ojos
En un sepúlcró abierto.	Y preguntó con miedo:
Cuando me veas pensativo y triste	¿Será verdad, que alguna vez bien mio
No indages en que pienso:	Resucitan los muertos?”.

(29) Rosalía de Castro, “Follas Novas”, en *El H.G.*, 30-IX-1880.

(30) Rosalía de Castro, “Tristes recordos”, en *El H.G.*, 25-X-1880. “Un-ha tarde alá en Castil’a / Brilaba o sol cal decote / N’aqueles desertos brila. / Craro. ardoroso e insolente / Con perdon d’el pois n’e modo / Aquel de queima-la xente, / E secar con tales brios / A probe inxeliña pranta, / A foute, os sedentos rios, / Un-ha tarde, ¡ou que tristeza / M’acometeu tan traidora, / Vendome’en tal espereza! / ¡A donde vin á parar! / Pensaba mirand’o ceo / Par’a terra non mirar. / Por qu’o ceo era, eso si, / Un mais ou menos azul: / Com’o que temos aqui. / Mentras qu’a terra ¡bon Dios!... / Señor. ¿posibre será / Que aquela á fixeses vos? / Mais ¿por qu’estrañarme tal / S’as cousas que vos facés / Jamas as facedes mal? / Fixestes tan tristes llanos, / Mais fixecheos, Dios cremente. / Soyó para os castellanos. / ¡Ay! cada pomba ó seu niño, / Cada conexo ó seu tono / Cada yalma ó seu cariño. / Aquesto m’eu repetía / N’aquela tarde, recordo / De negra malancolía. / E namentras, contemplaba / D’a igual, extensa llanura / A terra que branqueaba. / D’o largo pinar cansado / A negra mancha sin termino, / D’o puebro o color queimado / Y antr’o chan y o firmamento / As nubes de denso polvo, / Qu’iba levantando o vento. / D’o deserto fiel imaxe, / C’o mesmo alento da brasa, / C’o mesmo ardente coraxe. / O lonxe o mular pasaba, / Viña á tourada mais preto, / A ovella enferma balaba. / F n’o xa queimado espiño / Fuxindo d’o sol ardente / Pousabase o paxariño. / ¡Dios mio. que ansia cativa! / Pesaba en min á tristeza / Cal se m’enterra-sen viva. / Lembranzas d’a terra hermosa. / Calma c’a vosa frescura / As penas d’alma chorosa. / Por qu’ese sedento rio / Fnvolto en malinas brétemas, / Da callentura, dá frío. / De pronto oin un cantar, / Cantar que me conmoveu / Hastra facerme acorar. / Era a galega canzón, / Era ó alalá... que fixo / Bater o meu corazon. / Con un estraño bater / Doce com’o ben a mar, / I ero, com’o padecer. / De polvo o sudor cubertos / Ca fouce o lombo, corrian / Por aqués campos desertos, / Un fato de segadores... / ¡Y eran eles, eran eles, / Os meigos d’os cantadores! / ¡Adios pinares queimados! / ¡Adios, abrasadas terras / I. cómaros desolados! / Pechei os ollos e vin... / Vin fontes, prados é veigas / Tendidos ó pé de min. / Mais cand’á abrils tornei, / Morrendo de soidades, / Toda á chorar me matei. / I non parei que de chorar / Nunc’hastra de Castela / Ouveronme de levar. / Levaronme para n’ela / Non me teren qu’enterrar”.

bido —e o mesmo *Heraldo* así o reconece— (31) que a inmensa maioría da burguesía galega, destinataria da revista, expresábase en castelán. De tódolos xeitos, está fóra de toda dúbida que Lamas impulsou decisivamente o idioma galego a través dos seus libros e, por riba de todo, a través de *O Tío Marcos d'a Portela*, primeiro xornal escrito totalmente na lingua autóctona, complemento ideal da ideoloxía contida en *El Heraldo* por dirixirse á clase campesíña no xeito no que para ela era comprensible a información, a cultura e o entretemento.

O ve-la obra rosaliana impresa en *El Heraldo Gallego* obsérvase deseguida o longo paréntese de tres anos nos que non hai ningunha colaboración da gran poetisa. A razón desta ausencia inscríbese nas varias consecuencias dunha famosa polémica entre o home e guieiro da nosa autora, Manuel Murguía, e Lamas Carvajal; controversia que non merece a pena neste intre esplicitar porque xa hai tempo que foi analisada e interpretada por J.A. Durán coa súa habitual sagacidade e que, por outra banda, foi unha máis das iniciadas polo entón irascible e engreído Murguía (lémbrense as que mantivo con Barro Silvelo o con Jesús Muruais, por citar algunhas).

Sen embargo, sí quería insistir en dúas reflexións sobre a orixe e o resultado da mesma. Por unha banda, inda que a primeira escaramuza real ten lugar un ano antes (en 1877) cando Lamas ergue a súa voz en defensa da prensa galega e contra a acusación, mais que dura, displicente, de que esta estaba feita por "cajistas", o transfondo orixinario —mais importantes cá propia discusión— estaba provocado pola crecente relevancia que no "rexurdimento" galeguista estaba a conquistar Ourense e o seu principal animador Lamas Carvajal en detrimento do matrimonio Murguía-Castro, da gloria desta, do predominio e liderazgo daquel, que se cría, como Jesús Muruais criticaba nunha acertada e mordaz acusación, posuidor do "cetro de la crítica" ("Solo Dios y V. disfrutan la envidiable prerrogativa de repartir cetros y coronas a su arbitrio") (32); por outra banda, tivo a transcendencia importante de que, pola longa vida do promotor do incidente e a privilexiada posición que mantivo no concerto cultural e rexionalista galego, sobre todo cando xa morreran algúns dos máis caracterizados representantes deste grupo centrado en Ourense, amiudou decisivamente a gloria que neste venturoso rexurdimento correspondería a figuras como Lamas Carvajal, Arturo Vázquez, Jesús Muruais, T. Vesteiro Torres ou ó propio Saco e Arce, por citar algúns (33).

Nesta aceda polémica, na que participou toda a prensa galega defendendo, na súa meirande maioría, a Valentín Lamas, a pesares de ter sido utilizada por Mur-

(31) J.A. Saco y Arce, nun art. titulado "Poesía gallega contemporánea" e publicado en *El H.G.* el 5-I-1876 dicía que, polo innobre desdén "con que los hijos de Galicia miran cuanto a su hermoso e infortunado país concierne" e pola invasión crecente do idioma castelán, "único ya casi que se oye resonar en las conversaciones de los que en nuestras ciudades presumen de cultos, nuestro flexible y expresivo dialecto va poco a poco desapareciendo del trato social (y está) medio desterrado de las poblaciones de más importancia".

(32) Jesús Muruais, en *El H.G.*, 30-IX-1879.

(33) José A. Durán, *Crónicas - I. Agitadores, poetas, caciques, bandoleros y reformadores en Galicia*, Madrid, Akal, 1974, pp. 39-55.

guía como excusa, ningún involucrou nin se atreveu a deslizar crítica algunha, por velada que fose, a Rosalía, a cal, cando os ánimos se serenaron, volveu no 1880 a publicar en *El Heraldo Gallego* outros dous poemas, no medio dos que insertou este un longo comentario a cerca de *Follas Novas*, dividido en dúas partes, no que louba sen reparos tanto á obra como á autora cos adxectivos dos que sen dúbida era merecente (34).

E xa remato resumindo a idea que preside e rodea o texto destas páxinas. Isto é, que *El Heraldo Gallego* foi no seu tempo a expresión máxima da prensa galeguista e o herdeiro máis cualificado e sobresaínte da liña ideolóxica que escomezou *El Porvenir* en 1845: que Lamas Carvajal –a través fundamentalmente del– erixiuse no promotor principal da defensa dos valores diferenciais das arelas estritamente galegas; e que, pola súa altura xornalística e intelectual e os intereses que preconizaba, non podía falta-la prestixiosa aportación da primeira, en tódolos sentidos, poetisa galega: Rosalía de Castro.

(34) “Notas bibliográficas”, en *El H.G.*, 11-X-1880 y 13-X-1880.